

A actividade cultural e a defensa da lingua galega na cidade de Ferrol

FINA CASAL

En primeiro lugar o meu agradecemento a Goretti Sanmartín Rei e aos que colaboraron na organización por convidarme a participar nestas xornadas sobre lingua e cidade. Por dous motivos:

1. Porque me pareceu boa idea, polo feito de combinar no programa unha parte estritamente académica, de investigación, con outra parte baseada na experiencia e no traballo de profesionais que traballan en diferentes ámbitos, no político, no empresarial, no cultural etc.

Non sei se estudades na mesma cidade en que vivides porque agora, coas tres universidades en Galicia e con campus en cada cidade, isto é máis habitual que hai 20 anos, cando a maioría estudabamos en Santiago. Sexa ou non así, e coñezades máis ou menos o contorno de que vos falamos, seguro que está sendo interesante escoitar as experiencias dos xornalistas, das técnicas de normalización...

Estou segura de que destas xornadas se poden tirar conclusións, coa visión máis global que dará o profesorado a partir dos estudos feitos, e as opinións que vos daremos os que estamos noutros sectores.

2. E en segundo lugar porque preparar esta conferencia fixo que me detivese a reflexionar sobre cultura, sobre xestión cultural, en xeral e na nosa cidade, e sobre o uso do galego neste mundo en que me movo a diario. Pararme a escribir a miña opinión, a miña experiencia obrigoume a recapitular, a ir máis alá do día a día e a tirar conclusións tamén.

Seguindo con esta parte introdutoria quería contarvos algunha cousa de min, desas que non se poñen no currículo e que ten que ver co tema do uso do galego. Por outro lado, cóntovolo non porque a miña historia teña interese, senón porque eu podo ser exemplo desa ruptura na transmisión xeracional do

galego de que falan os lingüistas, e cunha historia moi común respecto do uso da nosa lingua.

Son dunha aldea de aquí preto, de Doso. Pais, avós, irmáns maiores, veciños, todo o mundo fala en galego entre eles. Pero aos que eramos pequenos nos anos setenta, en que xa se vivía un pouco mellor e pode que estudáramos e fomos «alguén» na vida (segundo o seu entender), cambiábanos ao castelán. E no colexio, público e mixto, de San Sadurniño que estreamos centos de nenos das aldeas da redonda, educóusenos en castelán. Tiñámolo claro, unha cousa era a lingua que falaban na nosa casa e outra moi distinta a nosa lingua, o castelán, coa que continuaríamos a vida.

Cando fun a Santiago e vin que moita xente da miña idade falaba galego, coñecín algo máis de Galicia, cando me contaron cousas da historia... caín na conta de que xa me valía, de que non ía ser mellor por falar en castelán, e de que estaba ben que lle devolvese o esforzo á miña xente e dalgunha forma tamén colaborar en sentírmonos orgullosos do que somos. E aos 18 anos cambiei ao galego, con dificultades. Custoume moito comezar a falarlles ás miñas amigas en galego. E máis tarde, nalgún traballo que tiven, cambiei ao castelán porque aos meus xefes non lles gustaba que falase en galego, quedaba fatal. Agora xa hai moitos anos que só falo en galego.

Sei que pertenzo a esas xeracións que xa non lles falan aos fillos en galego, mais a min gústame militar nisto. É, digamos, exclusivamente unha cuestión de amor. A lingua é un dos nosos grandes patrimonios, seguramente o patrimonio cultural por excelencia. É curioso pensar que o galego, desde que eu recordo, anda sempre acompañado de etiquetas, que se foi a lingua dos aldeáns, que se é a lingua das elites culturais e dos nacionalistas.

E pase o que pase co galego, eu só soño con que ningún avó lle cambie ao castelán á súa neta, e ninguén lle cambie ao castelán ao médico, digamos.

Ben, e unha vez que me situades na vida, que sabedes a miña actitude con respecto ao tema do idioma, imos entrar en materia. Estructurei esta charla en tres partes:

- 1ª Unhas consideracións xerais sobre o contorno en que nos movemos, algo así como o que está pasando no mundo cultural. Temos unha evolución determinada que nos leva ata onde estamos e cunhas características determinadas, e que eu penso que inflúen tanto na actividade cultural como na normalización do uso do galego, por iso fago un breve repaso por elas.
- 2ª Unha segunda parte que clasifica dalgunha maneira quen fai cultura, como nos organizamos, e que representa cada entidade ou axente que intervén.
- 3ª E por último trasladei todo a Ferrol e comarca, e tiro unhas conclusións sobre o que eu considero que ocorre aquí.

1ª CONTORNO

O traballo das organizacións culturais desenvólvese nun contorno concreto que determina o seu labor. Ese contorno vén determinando por factores como:

- a política cultural imperante,
- o tipo de sociedade,
- a actuación dos diferentes axentes que traballan.

A política cultural sería o conxunto de decisións que, traducidas en actuacións, se levan a cabo desde diferentes instancias e pretenden a consecución de determinados obxectivos de desenvolvemento cultural.

Nós vivimos en Galicia, que forma parte de España e, polo tanto, da Unión Europea, cun sistema de organización social determinado. Seguro que vos soa o termo «estado de benestar». De forma xeral, porque daría para grandes discusións, pretendíase reducir as desigualdades, que houbo uns mínimos garantidos para todo o mundo independentemente dos recursos, do diñeiro de cada un, por así dicilo. Sabedes que, por exemplo, a sanidade ou a educación é universal, é dicir, calquera de nós que entre por urxencias é atendido, calquera neno ou nena ten un lugar nos colexios públicos.

Ben, pois dentro deste modelo, desta idea de organizarnos, tamén a cultura se considerou un ben necesario, imprescindible para desenvolvernos, para construír sociedades máis formadas, máis ricas, máis iguais, o que levou a que os gobernos, as institucións públicas, asumisen como necesarias as políticas culturais e fixesen accesible todo aquilo a que, por razóns económicas ou de formación, a maioría da poboación non podía acceder.

Insisto no matizable deste termo de «estado do benestar», que foi evolucionando por camiños moi diferentes, aínda que vivimos nun territorio privilexiado en relación a outros.

Despois de moitos anos de experiencia, este modelo está en crise:

- Porque as demandas dos cidadáns medran máis rápido que a capacidade de resposta do Estado.
- Porque produciu algúns efectos nocivos, entre eles o excesivo papel do Estado e o debilitamento da sociedade civil.

Digamos que estamos, xa desde hai uns anos, en pleno proceso de cambios na política cultural, e estase discutindo:

- Cal debe ser o campo de actuación irrenunciábel da administración pública.
- Como se financian as actuacións, de forma pública ou privada.
- A Xestión pública ou privada.

POR QUE?, QUE PASA?

- O estado español foi transferindo competencias ás CCAA, os orzamentos xestiónanos as comunidades e os municipios. Temos agora unha federalización do Estado cultural. E xa sabedes que temos identidades culturais diversas e entre elas temos catro linguas. En cada lugar, e dependendo do punto de partida, as cousas evolucionaron de diferente maneira. Son moitos e específicos os factores que levaron a cada lugar á situación actual. Todas elas son articulables e forman un sumatorio complexo mais, na miña opinión, enriquecedor.
- Cultura-economía: a cultura consolídase como un factor de desenvolvemento económico de primeira orde. Hai unha crecente industrialización cultural: música, editoriais, cine, vídeo. Fai uns anos a SGAE falaba do 6% do PIB e do emprego respecto á cultura en vivo e a industrial.
- Establécese a recuperación do patrimonio cultural como rexenerador social, desde o punto de vista turístico, incorporando, ademais das artes, a cultura popular industrial, tecnolóxica.
- Dáse un crecemento continuo da creación de empresas de xestión cultural e profesionalización das persoas que traballan nelas. A cultura hoxe é un sistema composto pola iniciativa pública, a privada comercial e a privada voluntaria.
- O patrocinio privado da cultura é cada día maior. As fundacións son as que teñen maior peso. Digamos que algunhas xa son así por definición da propia entidade, como as caixas de aforros e outras, pois teñen condicións económicas vantaxosas por invertir en cultura.
- Cultura e comunicación: a formación do gusto do público e as políticas culturais están en mans de grandes grupos multimedia, controlan soportes e contidos. Para o bo e para o malo, estamos construíndo unha sociedade baseada na comunicación.
- Globalidade-localidade: prodúcese tensións entre a orientación cultural de defender o propio e as tendencias globalizadoras do mercado xestionado polas grandes potencias económicas e culturais do mundo.
- A cultura está sendo utilizada, con mellor ou peor fortuna, como unha política de cohesión social.

A ORGANIZACIÓN DA CULTURA

Podemos establecer a seguinte clasificación:

1. Sector Administración pública: Estado, CCAA, provincia, concello, mancomunidade, empresas públicas.
2. Sector privado:

Comercial: Industrias e pequenas empresas culturais, servizos auxiliares.
Asociativo non lucrativo e fundacións.

A Administración pública intervén de forma moi activa no ámbito cultural: como regulador, como promotor e incluso como promotor competitivo que en ocasións entra en conflito coa iniciativa privada. Mais o máis importante da iniciativa cultural está en mans da Administración. Estou pensando en arquivos, bibliotecas, museos, centros de arte, apoio á edición, apoio á produción audiovisual, grandes proxectos, entre moitas outras cousas.

As industrias culturais son as que se basean na reprodución técnica da obra de arte e logo a distribúen en miles de puntos de venda, favorecendo o consumo privado individual fronte ao consumo público. Onde consumimos máis cultura?, na casa, no coche, no cine, nos museos?

Estas industrias establecen importantes sinerxías cos medios de comunicación e o espectáculo en directo, configurando entre eles un sector máis global, o do ocio.

E, por último, o sector privado non lucrativo, as asociacións e fundacións. Coñécense por terceiro sector ou terceiro sistema. A súa característica fundamental é que non obteñen beneficios e, no caso de obtelos, reverten na marcha da entidade.

Asociacións: poden definirse como a agrupación de persoas cun fin común, fin que pode ser de interese xeral ou un *hobby*.

Fundacións: si son un patrimonio vinculado a un fin de interese xeral. Teñen un modelo de xestión máis empresarial, maior nivel de control, e tamén teñen desgravacións fiscais.

Moitas das fundacións que se crearon nos últimos anos son máis asociacións que fundacións, pois constitúense sen patrimonio, dependen da financiación allea, mais a fórmula ten maior prestixio social e moitas veces resulta máis fácil conseguir fondos.

E con todo este panorama xeral ímonos trasladar a Ferrol ou á comarca, porque a análise é similar:

- 1º Temos as actuacións e actividades organizadas polos organismos públicos: os concellos de Ferrol, Narón, Fene...; a Xunta de Galicia; as universidades, a través deste campus ou desde A Coruña; e tamén a UNED.
Dentro deste apartado podemos considerar tamén a Autoridade Portuaria, empresa pública.
- 2º Por outra parte, como exemplo de iniciativas privadas, hai na comarca unha editorial, Edicións Embora, e algunha empresa privada que presta servizos que entran no ámbito cultural, por exemplo, a Escola Aberta de Arte ou a Escola da Vaca, de ensino musical.
- 3º E no apartado de entidades sen ánimo de lucro temos varias fundacións e multitude de asociacións que actúan aquí.

Hai unha fundación que ten un peso grande, a fundación Caixa Galicia. En moita menor medida está Caixa Nova, a Fundación Gonzalo Torrente Ballester ou a Fundación Carlos Casares.

E temos que incluír aquí unha empresa que tamén está no resto das cidades de Galicia, Sargadelos, empresa que destina parte dos seus beneficios á actividade cultural. Colaboramos con moitas ou cáseque todas as entidades e asociacións de que falabamos antes.

E no campo das asociacións hai moitas, algunhas delas cun grande e longo traballo ás costas. Son asociacións o Ateneo Ferrolán, Medulio, o Coro Toxos e Froles, a Sociedade Artística Ferrolana, a Sociedade de Cultura Valle-Inclán, o Clube de prensa de Ferrol, Fuco-Buxán, Colectivo Opaí, Rubia Barcia... Cada unha nace cun espírito, cuns obxectivos determinados, de acordo cos intereses e inquietudes dos seus socios. Temos tamén asociacións de veciños que traballan no ámbito cultural.

Cal é a posición con respecto ao uso da lingua galega nas distintas entidades ou organismos?

O Concello de Ferrol, o goberno actual, fai parte das cousas en galego e parte en castelán. Nos catálogos editados ata o momento, de exposicións por exemplo, utilízase a lingua a criterio de quen escribe. Os textos non se traducen ao galego, si están en galego os que se escriben desde o Concello. Nas intervencións públicas ocorre o mesmo, depende de que acto sexa, de quen fale, etc. En resumo, non consideran que sexa importante comunicar en galego.

A autoridade portuaria, a Universidade, a Cátedra Jorge Juan comunican en castelán fundamentalmente.

A Fundación Caixa Galicia ten a súa web en castelán e en galego, mais penso eu que por unha cuestión formal, non por implicación ou compromiso. E nos actos públicos utilizan o castelán. A F. Torrente Ballester que está empezando, ou a Carlos Casares, tamén de recente creación, fan todo en galego.

Das empresas culturais que vos falaba, a única editorial que temos edita tanto en galego como en castelán, incluso temas locais; non traducen ao galego. E as outras empresas, algunha en castelán e outras en galego.

E as asociacións culturais fan o mesmo, mais unha gran parte delas e, sobre todo, as máis activas fano en galego e teñen explicitada a súa defensa da lingua galega. É probablemente este tipo de organizacións as que máis se preocupan, as que máis utilizan o galego.

Entre os que non o utilizan hai seguramente algúns que rexeitan o galego tamén, que ao mellor non se atreven a dicilo, mais que lles molesta, e outros que simplemente consideran á par o galego e o castelán, que lles dá igual, que non consideran que haxa que facer ningún esforzo en prol do galego...

De forma xeral podemos concluír que en Ferrol, o galego está máis presente nas actividades organizadas desde a sociedade, na xente que se organiza de forma voluntaria, que nas institucións ou organismos.

No caso dos concellos que nos rodean, Fene, Narón ou San Sadurniño, que destacan polo seu labor cultural, fan todo en galego, que eu coñeza.

E con todo, o galego ten unha presenza alta no mundo cultural, moito maior que noutros ámbitos como o deportivo ou o empresarial-comercial-hostaleiro.

E quería facer referencia a dous tipos de consumo cultural, o consumo público e o consumo individual e privado, por exemplo, ir a un museo ou a unha presentación, ou ben ver unha película na casa. Cando falaba das entidades, dos axentes culturais que intervimos en todo isto e do que facemos estou falando de actos públicos, non dos produtos culturais que se consumen a diario. Estes actos concentran unha parte moi pequena da poboación e tamén unha pequena parte do noso tempo, o gran consumo cultural faise en privado.

E aquí entran en xogo todos os factores socioculturais de que vos falei antes, o entramado empresarial e a sociedade da información.

Os exemplos máis claros están no mundo do libro e no da produción audiovisual. En que lingua están as películas que vemos, en que lingua están os libros máis vendidos? En castelán.

Son moitos os factores que inflúen aquí:

- A industria cultural que concentra, como dicía antes, soportes, contidos, a distribución (Lauren Films); a imposibilidade moitas veces de competir con eses monstros da comunicación (o libro de Antonio Tabucchi editado en galego e en castelán).
- A política cultural en España inflúe aquí tamén, hai moito centralismo. Digamos que todo o que vén de Madrid non ten en conta a pluralidade lingüística. O instituto Cervantes, as televisións públicas... Non se dá espazo á creación cultural nas linguas do Estado que non foren o castelán.
- A dificultade que ten tamén xente de determinada idade para ler en galego.
- O pouco espazo que, por exemplo, se lle dedica nas librarías ao libro galego.
- Os medios de comunicación. En Galicia *Vieiros*, *A Nosa Terra*.

Aínda con todos estes factores en contra, o compromiso e a importancia do sector cultural é moi alto e debemos telo en conta, tanto na parte creativa como na xestión. E, aínda que sexa unha parte pequena da sociedade, ten un peso grande e moita capacidade de influencia. A xestión cultural non é un fin en si mesma, é un medio, e tamén crea indentidades, cohesiona.